

O PROCESO COMUNICATIVO

A comunicación é o proceso polo que se transmite unha información. Entre os seres humanos, a actividade de comunicación ocupa un 80% do total do noso tempo. Hai que ter en conta que a capacidade de adquirir a linguaxe e mais a capacidade de razoar son características exclusivas das persoas, que nos diferencian dos animais.


A comunicación pode levarse a cabo de diferentes maneiras: entre persoas, entre persoas e animais ou entre animais. Non obstante, só as persoas poden utilizar a **comunicación verbal** (oral ou escrita), que pode completarse coa **comunicación non verbal** (xestual, de sons, de cores etc.).

ELEMENTOS DA COMUNICACIÓN

No proceso de comunicación interveñen unha serie de elementos:

EMISOR	Quen emite ou transmite a información (a rapaza que fala)
RECEPTOR	Quen recibe a información (o rapaz e a rapaza que escoitan)
MENSAXE	Información que se quere transmitir (“Foi máis doado do que pensaba”)
CÓDIGO	Conxunto de signos e regras utilizados para elaborar as mensaxes (a lingua galega)
CANLE	Medio a través do que se transmite e circula a mensaxe (aire polo que circulan as ondas sonoras; ondas radiofónicas; papel)
SITUACIÓN/ CONTEXTO	Conxunto de circunstancias en que se produce a comunicación (adolescentes á porta do instituto despois da clase)





COMUNICACIÓN VERBAL E NON VERBAL

Hai dous tipos de comunicacións

*** A comunicación verbal**

A comunicación verbal baséase no uso de signos lingüísticos: as palabras, sexan orais ou escritas. Dentro da comunicación verbal distínguense dous tipos de comunicación:

COMUNICACIÓN ORAL (palabras)	- É inmediata e permite a interacción entre emisor e receptor - A mensaxe é efémera: non se conserva - A linguaxe verbal combínase coa linguaxe non verbal (xestos, a mirada, a expresión facial, a postura) polo que ten maior capacidade expresiva - Predomina a improvisación
COMUNICACIÓN ESCRITA (letras)	- Aprázase, é dicir, a mensaxe recíbese xeralmente un tempo despois de ser emitida. - A mensaxe perdura no tempo - A súa capacidade expresiva é menor - Predomina a planificación

*** A comunicación non verbal**

Baséase noutro tipo de signos, como sinais ou sons que utilizamos para expresar mensaxes sen palabras que poidan ser interpretadas por outras persoas; sistemas de símbolos convencionais, como os sinais de tráfico; ou lingua de signos.

LINGUAXE, LINGUA, FALA

A linguaxe é a facultade e uso, propiamente humanos, de expresarse e comunicarse por medio de sons articulados, que poden ser transcritos graficamente por medio da escritura. Esta facultade concrétese no uso dunha lingua específica.

A lingua é polo tanto, o código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras.

A lingua funciona como un conxunto de unidades que se combinan para obter unidades máis grandes.

Os sons, as unidades máis pequenas, non teñen significado, pero agrupados, constitúen **palabras**, que si teñen significado. As palabras combínanse entre si para formar **enunciados** e estes, unidos a outros enunciados, forman **textos**.

A interpretación individual que realiza cada falante dunha lingua chámase **fala**.